

MESA SECTORIAL DO DÍA 22 E 23 DE MARZO DE 2021 (continuación da do día 16)

3º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROXECTO DE ORDE, POLA QUE SE DESENVOLVE O DECRETO 229/2011, DO 7 DE DECEMBRO, POLO QUE SE REGULA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO DOS CENTROS DOCENTES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA NOS QUE SE IMPARTEN AS ESINANZAS ESTABLECIDAS NA LEI ORGÁNICA 2/2006, DO 3 DE MAIO, DE EDUCACIÓN

Desde ANPE Galicia consideramos que tras dez anos desde a publicación do Decreto 229/2011 chega especialmente tarde a elaboración desta normativa que ven a recoller e agrupar normativa que estaba moi dispersa. A pesar disto este documento presenta moitas eivas, entre elas as referidas á formación do profesorado e as funcións dos Equipos de Orientación Específicos. Solicitamos unha revisión da estrutura do documento e a súa adaptación ao articulado da LOMLOE, debe revisarse en profundidade a redacción do texto xa que se mesturan en diversas ocasións terminoloxías da LOGSE e terminoloxías propias da LOE sen facer referencia a LOMLOE do mesmo xeito que ocorre en distintos artigos do proxecto de Orde.

Sen perder de vista o interese final dos menores desde ANPE Galicia non compartimos a desaparición encuberta dos centros de Educación Especial proposta pola LOMLOE. Na nosa comunidade temos un bo sistema que integra en torno ao 90% deste alumnado en centros ordinarios. Recordamos que a inclusión en centros ordinarios debe vir acompañada da provisión de recursos que permitan dar cumprimento das diferentes propostas recollidas na normativa. Así mesmo non se recolle a dotación xeral de recursos sanitarios (tanto materiais como humanos) en centros de educación especial.

Consideramos necesario especificar as funcións do persoal coidador e referirse a este como persoal auxiliar técnico educativo. Se ben solicitamos que a negociación destas competencias teña lugar na mesa de negociación que represente a este persoal.

Botamos en falta unha referencia específica ao alumnado de Formación Profesional que non se recolle na norma.

No artigo 6 e no artigo 7 reproducése a mistura de terminoloxías anteriormente citadas xa que en ocasión se fala de alumnado con necesidade específica de apoio educativo e noutras de alumnado con necesidades educativas especiais.

No artigo 9 bótase en falta a referencia a importancia da detección precoz do alumnado con altas capacidades.

No artigo 11, apartados 3 e 4, desde ANPE Galicia incidimos en que é importante o asesoramento e participación de todos os implicados no proceso de detección.

No artigo 11, apartado 5, desde ANPE Galicia entendemos que deben establecerse convenios ou acordos de colaboración fundamentalmente con entidades públicas e non tanto con entidades de ámbito privado que deberían quedar circunscritas a circunstancias e casos excepcionais. **A Administración recorda que xa é unha dinámica moi traballada e na actualidade xa existen 42 convenios firmados que veñen dando bo resultado.**

No artigo 14 ANPE Galicia considera que nos casos que proceda que a avaliación psicopedagóxica sexa realizada directamente polo equipo de orientación específico deberá ser **sempre** con previo coñecemento por parte do Departamento de Orientación do centro correspondente. Para ANPE Galicia o feito de saltarse directamente ao dito Departamento, aínda que sexa en casos puntuais, supón unha perda de competencias do mesmo. Demandamos tamén coñecer en que casos se tomaría esta medida xa que nos parece que está feito para que, naqueles casos que á Administración lle interese, salgan das competencias que deberían corresponderlle ao Departamento de Orientación. Consideramos que este artigo 14 está incompleto e que debe mellorarse a súa redacción final. **A Administración puntualiza que o EOE só**

actuará naqueles casos de alumnado que non teña pasado polos centros, por exemplo co alumnado procedente do estranxeiro, ou cando, sendo casos excepcionais, así o determinen as Xefaturas Territoriais.

No artigo 18, para ANPE Galicia é preocupante e amosa certa premeditación, o feito de que en ningún momento se mencione a necesidade de conformidade da familia para a realización da avaliación psicopedagóxica.

ANPE Galicia considera que tal e como está redactado o artigo 19 non é operativo. Así mesmo consideramos que deben unificarse modelos.

No artigo 21 vemos incognuente que se fale de síntese da información pero se estableza un modelo de informe con 4 apartados e 21 subapartados. En calquera caso, consideramos que os informes de seguimento ou de revisión, ou por outros motivos, non deben seguir a estruturación proposta neste artigo xa que suporía a ralentización dos procesos de maneira innecesaria. O importante, desde o noso punto de vista, serían as actuacións que se establezan partindo de bases de avaliación fiables. **A Administración considera importante recoller toda a información aínda que iso supoña un esforzo e matiza que se anexará a esta orde modelos informatizados de recollida de datos.**

No artigo 23, desde ANPE Galicia preguntamos á Administración Educativa se estamos a falar de alumnado de todo tipo de idade xa que, a redacción deste artigo que establece que a información pode ser transmitida directamente ao alumnado parece suxerir que está tamén enfocado a alumnado maior de idade e queremos unha aclaración por parte da Consellería a este punto. **A Administración precisará que se trata do alumnado maior de idade.**

En relación ao artigo 25, desde ANPE Galicia queremos facer constar que estamos a favor da maior integración posible do alumnado pero debe facerse con garantías e para iso é necesario investir en medios e infraestruturas. Por tanto estamos de acordo en que a escolarización do alumnado se faga en centros ordinarios pero **sempre e cando sexa posible. Deben observarse certas garantías para poder facelo de xeito efectivo xa que, na realidade, na gran maioría de centros educativos non existen recursos axeitados para atender grandes necesidades.** Cremos que isto agocha o interese do goberno autonómico, interese compartido co goberno estatal, en acabar cos centros e educación especial.

En este senso queremos destacar o recollido no artigo 27.2 que sobre o papel queda moi vistoso e parece indicar que o papel e o texto aguantan o que lle boten pero ao final queda soamente nunha declaración de intencións e nun “brinde ao sol” xa que os recursos materiais e profesionais dos que se fala brillan pola súa ausencia na realidade.

No mesmo sentido desde ANPE Galicia nos manifestamos respecto ao recollido no artigo 28.1 e agardamos que, finalmente, non se quede novamente nunha mera declaración de intencións e se dote definitivamente aos centros con todos os recursos materiais e profesionais necesarios.

Desde ANPE Galicia consideramos que debe revisarse a redacción do apartado 4 do artigo 28 e, en todo caso, publicarse a rede de centros de atención preferente da nosa Comunidade Autónoma. **A Administración non contempla a existencia dunha rede de centros de atención preferente, as necesidades cóbrense en función das necesidades detectadas en cada momento.**

No artigo 29.5 ANPE Galicia considera preciso retirar a terminoloxía “con carácter xeral” e establecer como máximo de 5 os alumnos nas aulas de educación especial en centros ordinarios. **A Administración responde que esta terminoloxía é a mesma que xa está recollida na normativa actual.**

No artigo 30 ANPE segue a reclamar que se recollan normativamente a prestación de servizos sanitarios (enfermería e médicos) neste tipo de centros.

Consideramos confusa a redacción do artigo 33.2 e 33.3 polo que solicitamos unha aclaración do mesmo. Non parece claro o papel do profesor/a de aula específica na avaliación dun alumno que pode pasar nese aula un 80% do tempo. **A Administración matiza que o profesor titor en determinados casos, por**

exemplo de temporalidade, debe ser proposto en favor dos intereses do alumnado e que esta é unha competencia que compre atribuír ás Direccións.

No artigo 47 referente a aulas de atención e convivencia consideramos que esta non é a orde onde se deba facer referencia. **A Administración indica que esta medida xa aparecía como medida ordinaria no Decreto 229/2010.**

No artigo 48 consideramos que se debe desdobrar o grupo sempre que sexa preciso e faise referencia unha serie de anexos que non nos foron facilitados.

No artigo 50 consideramos que debe retirarse a palabra apoio xa que o profesorado de PT e de AL non realizan apoio ao alumnado senón intervencións específicas. É importante, tamén, establecer unhas rateos reguladas entre os especialistas de AL e o alumnado NEAE coa finalidade de poder desenvolver ben o seu traballo.

Debe establecerse un artigo 50 bis que faga referencia ao alumnado de primaria que acceda á ESO sen superar todas as materias. **A Administración toma nota da solicitude.**

No artigo 55.15 solicitamos que con carácter xeral non sexa preciso realizar unha nova solicitude para o alumnado ao que xa se lle estivese aplicando esta medida.

No artigo 57.2 os mestres/as especialistas en AL realizan intervencións diferentes aos mestres/as especialistas en PT polo que a súas funcións deben tamén diferenciarse no documento e non ser as mesmas para evitar confusión. Na función c) pídese que o profesorado de AL elabore programas de intervención segundo as directrices recollidas no Plan de Apoio. Este plan, como tal, non existe a nivel de centros porque é un documento exclusivo do concurso-oposición a mestres. O profesorado de AL o que realizan é unha Programación Anual de Aula. Se teñen que basearse nun Plan de Apoio, primeiramente debería desenvolverse a nivel legislativo. Na función f) desde ANPE Galicia consideramos que o profesorado especialista de AL debe ter voz e tamén voto e non só voz como se recolle na mesma. **A Administración indica que matizará a redacción para considerar a este profesorado non como profesorado de apoio senón como profesorado que realiza apoio. Con respecto á diferenza das intervencións dos dous colectivos xa ven recollida no punto 3.**

No artigo 57.4 no primeiro parágrafo indícase que fóra da aula a atención terá un carácter excepcional e que poderá desenvolverse cun máximo de 6 alumnos de forma simultánea. Desde ANPE Galicia consideramos que non se debe pechar a un número máximo e que debe deixarse máis aberto e flexible xa que pode depender da tipoloxía do alumnado susceptible de recibir dita atención.

No mesmo artigo 57.4 consideramos que debe retirarse a mención ás “praxias bucofonatorias” a petición do profesorado especialista. No artigo 57.6 debe retirarse a mención ao “informe de apoio” xa que, como indicabamos anteriormente, o profesorado de AL e de PT non é profesorado de apoio senón que realizan intervencións específicas e polo tanto elaboran informes trimestrais ou finais de AL ou de PT. **A Administración indica que se retirará a mención ás praxias bucofonatorias.**

No artigo 61 desde ANPE Galicia consideramos que se tería que establecer un proceso de cara ao curso que ven para que os alumnos que están en 3º PMAR poidan pasar a 4º Diversificación. Consideramos que isto si que é urxente. De feito, os programas de diversificación non están implantados actualmente dada a LOMLOE e o seu calendario. Polo tanto, debería incluírse como criterio para entrar en 3º ou 4º de Diversificación o feito de ter cursado un PMAR. **A Administración non desenvolveu este artigo debido á falta de desenvolvemento estatal da normativa. Cando se publique as bases estatais desenvolverase a nivel autonómico. Os PDC non serán viables de cara o próximo curso en base ao calendario de desenvolvemento da LOMLOE.**

ANPE Galicia considera que debe ampliarse a redacción do apartado 3 do artigo 62 que fai referencia a Atención Educativa Virtual. No apartado f) debe recollese que o profesorado de atención domiciliaria participe na avaliación do alumnado. No apartado h) debería especificarse como se asegurará a prestación de medios ás familias que o precisen. Incidir, como xa dixemos no seu momento, en que debe

aparecer recollido nalgún lugar o sistema de elección dos equipos provinciais de atención virtual aos que se fai mención no apartado e). **A Administración reconece a dificultade de asegurar a participación na avaliación do profesorado de atención domiciliaria xa que imparten a alumnado de diferentes centros, o que si se lle solicita en un informe, pero quen decide é o profesor titular da área ou materia. A conformación do equipo de atención virtual é un tema de Recursos Humanos, non desta orde, que se establece en función do número de casos a atender.**

No artigo 66.4 debería establecerse un sistema que garanta o control do absentismo escolar do alumnado itinerante.

No artigo 69.7 entendemos que hai un erro xa que se fai mención do artigo 72 da orde que non fai referencia a ningún aspecto dos que se tratan no artigo 69. **A Administración rectificará e indica que a referencia debe ser ao artigo 68.**

Continuarase o martes 23 cos puntos que restan por tratar.

CONTINUACIÓN DA MESA DO DÍA 22:

Artigo 77: ANPE Galicia considera que nos centros ordinarios deben existir os máximos recursos posibles e non soamente materiais. Deste xeito fomentaríamos a cultura da inclusión nos centros ordinarios nas familias xa que moitas terminan optando por centros especiais ao considerar que os centros ordinarios non contan cos suficientes medios e recursos.

Na mesma liña manifestámonos no artigo 78 xa que se os centros ordinarios reciben o 90% do alumnado con necesidades deben estar o máis preparados posible e contar co maior número posible de medios e recursos tanto materiais como humanos.

No artigo 79 desde ANPE Galicia demandamos un aumento da dotación de profesorado de PT e AL e incluír a figura da Enfermería Escolar que no contexto actual da pandemia cobra máis sentido que nunca.

Con respecto ao artigo 80 ANPE Galicia considera que debe figurar nesta Orde aínda que o ámbito de negociación do persoal auxiliar coidador corresponde a outra Mesa e non a de Educación. Debe negociarse no ámbito que corresponda e trasladarse ao articulado da Orde.

No artigo 81 ANPE Galicia considera que a propia Administración Educativa debe artellar a maneira (ben con formación propia ou conveniada) de ofertar formación específica do profesorado en Lingua de Signos ante a falta de profesorado que conte con esta formación específica e este tipo de coñecementos.

En relación ao artigo 84 desde ANPE Galicia solicitamos un pronunciamento da Consellería de Educación sobre o que teñen pensado facer cos Centros de Educación Especial que, actualmente, acollen ao 10% do alumnado con necesidades. **A Administración resposta que están contentos co funcionamento dos actuais centros e non teñen prevista a súa desaparición e apostan por unha maior especialización dos mesmos.**

No artigo 85 desde ANPE Galicia consideramos que debe optarse por consolidar, a través do Concurso Xeral de Traslados, as prazas do profesorado de Formación Profesional en programas formativos en centros especiais que acollen alumnado con necesidades xa que é importante para este tipo de alumnado (que soe ter problemas de empatizar con profesorado novo) manter un profesorado estable. Solicitamos tamén a inclusión do alumnado con necesidades en centros ordinarios de Formación Profesional.

No artigo 87.3 desde ANPE Galicia consideramos que se debe recoller unha redución horaria para o profesorado titor.

No artigo 88 desde ANPE Galicia demandamos a regularización da colaboración con entidades privadas. Debe ser público e coñecido con que entidades se establecen e con que condicións.

En relación ao artigo 98.1 desde ANPE Galicia consideramos que non se debe falar dos centros educativos como “organizacións” polo que solicitamos o cambio de redacción de dito punto.

No artigo 99 incidimos, desde ANPE Galicia, en que deben fomentarse tamén as prácticas inclusivas nos centros ordinarios.

En relación aos artigos 102 e 103 botamos en falta referencias a formación específica para o profesorado e insistimos en que a Consellería debe facer unha valoración de incluír formación propia en Lingua de Signos.

No mesmo artigo 103 ANPE Galicia considera que se debe potenciar o proceso de avaliación de todo o proceso para analizar e solucionar posibles erros na implantación da orde e acadar que os centros educativos sexan totalmente inclusivos.

Para finalizar ANPE Galicia solicita que se coñezan, antes da publicación da Orde, as disposicións que non figuran no borrador da Orde e os Anexos xa que consideramos que son importantes. **A Administración resposta que se enviarán o antes posible. Informa de que hai unha disposición derogatoria e unha disposición derradeira que establecerá a entrada en vigor pero que aínda non está perfilada.**

5º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROGOS E PREGUNTAS

- Demandamos coñecer se ter realizado o curso de dirección que ten posto en marcha a Administración vai a ser ou non requisito para acceder á Dirección dos centros públicos.
- Demandamos coñecer a Oferta de Emprego Público do ano 2021.
- Demandamos coñecer si se van a manter os grupos de vacinación acordados unha vez se vai a retomar a vacinación con AstraZeneca.
- Demandamos a restitución do cobro e recoñecemento dos meses de verán para os substitutos que traballasen máis de 5, 5 meses. A propia Administración admitiu en Consello da Xunta que ía ser ata o ano 2015 e aí seguimos aínda. Ademais do prexuízo económico os substitutos galegos están en desvantaxe con outros compañeiros doutras comunidades autónomas á hora de presentarse aos procesos selectivos xa que noutras comunidades lles están a recoñecer os meses de verán como servizos prestados.
- Demandamos coñecer en que especialidades se van a denegar as licenzas por asuntos propios no terceiro trimestre do curso.
- Demandamos coñecer se a Administración ten establecida algunha solución para o tema das licenzas de formación que foron denegadas o curso pasado.
- Demandamos unha solución para o aboamento dos gastos por estadias formativas no estranxeiro máxime tendo en conta que o 15 de decembro pasado ANPE Galicia xa alertou da non publicación da Orde de reintegro de gastos individuais. **A Administración resposta que se está a traballar para que a situación non se repita no futuro pero aclara que o profesorado afectado desprazouse sen ter o procedemento administrativo do cobro finalizado.** Ante esta resposta ANPE Galicia insiste en que o profesorado afectado tivo que desprazarse con autorización da Consellería para poder abandonar o seu posto de traballo no centro educativo polo que non podemos aceptar dita resposta e amosamos o noso malestar por esta situación.
- Demandamos tamén unha solución para o alumnado de canto do Conservatorio de Pontevedra ao que se lle negou docencia aínda tendo superada a proba de acceso pese a haber profesorado con horario libre suficiente para ocuparse de dito alumnado. **A Administración admite descoñecer a situación polo que procurará información ao respecto.**
- Demandamos coñecer a situación da elaboración dos diferentes Regulamentos Orgánicos de Centros.

- Demandamos coñecer cando se ten previsto a publicación das listaxes de admitidos e excluídos dos procesos selectivos e do proceso de acceso a Cátedras. **A Dirección Xeral de FP dará traslado da petición á de Recursos Humanos.**
- Amosamos a nosa preocupación pola coincidencia das probas libres das EOI cos procesos selectivos e a posible repercusión que este feito pode ter á hora de dispor de profesorado para atender e corrixir ditas probas.
- Demandamos coñecer a situación da transformación de IES en CIFP para, deste xeito, poder eliminar as posibles vacantes afectadas no CXT. **A Administración confirma a transformación do IES Leixa, o de Pontedeume e o IES Universidade Laboral.**
- Demandamos coñecer a pretensión da Administración Educativa en relación ao Profesorado Técnico de Formación Profesional que se vai a presentar aos procesos selectivos e que, en caso de acadar praza, vai a ter que facer a fase de prácticas nun corpo que está declarado a extinguir. Así mesmo demandamos coñecer, xa que é competencia autonómica, que se vai a facer con respecto a esta mesma situación en relación ás listaxes de interinidades e substitucións. **A Administración informa de que se está a buscar solución da situación derivada da norma estatal pero que para tranquilidade do profesorado informan que seguirán a nomear profesorado interino e substituto e mantendo o funcionamento como na actualidade.**

Sen máis temas que tratar, péchase a sesión sendo as 13:00 horas.